



## Biología e Xeoloxía 4ºESO

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Data: \_\_\_\_\_

1. En que células e órganos do corpo humano ten lugar a meiose?
2. Cal é o resultado do proceso da meiose?
3. Cal é a principal diferenza entre a profase mitótica e a profase I meiótica?
4. Que significa haploide? Que ocorrería se os gametos non fosen células haploides? Pode unha célula haploide sufrir meiose?

5. Explica a importancia (Significado biolóxico) da meiose e da mitose.

6. Realiza un debuxo esquemático das fases da meiose dunha célula  $2n=4$ , emprega cores diferentes nos cromosomas homólogos. Indica de xeito esquemático que ocorre en cada unha das fases.

7. Nas gráficas seguintes representouse a variación da cantidade de ADN dunha célula durante os procesos de meiose e de mitose. Se o punto 1 indica, en ambas as dúas gráficas, a replicación do ADN (fase S), e se a célula nai ten unha dotación cromosómica  $2n$ , responde:

a) Cal das dúas gráficas corresponde á división por mitose e cal corresponde á división por meiose? Xustifícao.

b) Indica en cada fase enumerada se a célula é diploide ( $2n$ ) ou haploide ( $n$ ).

